



Un Bioblitz é unha prospección intensiva de biodiversidade nunha área determinada, na que participan tanto naturalistas profesionais como afeccionados, asesorados por expertos de campo. Un Bioblitz é unha excelente maneira de xerar datos útiles para a ciencia e a conservación involucrando á cidadanía para conectarse coa natureza, o seu coñecemento e respecto a través dunha actividade amena e divertida.

O V Bioblitz Courel complementará as anteriores edicións, levando a cabo durante 24 horas un inventario biolóxico intensivo co fin de obter o maior número de identificacións e citas da flora, fauna e micobiota en varios espazos representativos deste territorio excepcional.

#### **Obxectivos do BIOBLITZ COUREL**

- Contacto entre habitantes, público en xeral e as organizacións que estudan a natureza e entidades educativas, favorecendo o diálogo e intercambio entre afeccionados e expertos e a participación efectiva da cidadanía en temas científicos,
- Favorecer o coñecemento dos valores ambientais do territorio, a súa conservación e a atracción dun turismo sustentable.
- Documentar e ampliar os inventarios e o coñecemento da biodiversidade do Courel, durante unha celebración de carácter didáctico e divulgativo.
- Desenvolver actividades públicas respectuosas dentro deste espazo natural.

## Centro de recepción e xestión do BIOBLITZ

Instalacións da Estación Científica do Courel (ECC), con disposición de salas de traballo e salón para exposición e charlas. Localización da Estación Científica do Courel en google maps:

<https://maps.app.goo.gl/tughDkr5oN27HYNS6>

## Datas, horario e lugar

Do 8 de xuño as 12'30 horas ata o día 9 ás 14'30 horas, coa Estación Científica do Courel (ECC) en Seoane do Courel, como centro de recepción, traballo e xestión. A prospección e estudo de campo realizarase en itinerarios próximos do territorio previamente definidos.

## Inscricións

A través da páxina web da Asociación Galega de Custodia do Territorio na ligazón: <https://www.custodiadoterritorio.org/events/v-bioblitz-do-courel> e o ☎ 630948293. Prazas limitadas. Indicar nome, apelidos, DNI, teléfono, e-mail de contacto e, de ser o caso, especialidade (botánica, micoloxía, entomoloxía, etc.). As prazas serán limitadas por motivos de operatividade e sustentabilidade dos espazos estudados. Período de inscrición: ata o 6 de xuño incluído.

## PROGRAMA

### Sábado, 8 de xuño:

- 12:30 h. Inauguración e presentación do Bioblitz na Estación Científica do Courel (ECC).
- 13:00 h. Recepción aos asistentes. Normas e instrucións para o desenvolvemento do Bioblitz, manexo de aplicacións para documentar observacións, descrición das zonas de estudo e organización dos grupos de voluntarios e expertos, con distribución nas zonas de prospección.
- 14:00 h. Tempo libre e para comer.
- 15:30 h. Inicio da actividade de campo.
- 19:00 h. Traballo en común de revisión, identificación e recompilación das observacións.
- 20:30 h. Tempo libre e para cear.
- 22:00 h. Actividade de observación nocturna

### Domingo, 11 de xuño:

- 10:00 h. Recepción na ECC e inicio da actividade de campo e/ou de traballo nas salas.
- 13:00 h. Regreso dos grupos, revisión e recompilación de datos e observacións. Breves presentacións e comentarios das observacións máis relevantes por parte de especialistas nas distintas disciplinas.
- 14:30 h. Conclusión e clausura oficial do Bioblitz.

## Zonas de estudo

Estableceranse itinerarios de fácil acceso para as observacións en zonas representativas do territorio. Para grupos de estudo moi especializados poderán propoñerse algunhas zonas específicas, sempre respectando as características e posibles restricións de protección asociadas aos devanditos espazos.

Os itinerarios principais de estudo situaranse en 3 zonas principais:

1. Zona de Vilasibil-Miraz: soutos de castiñeiros e afloramentos calcarios.
2. Zona de Miraz: Prados, soutos de castiñeiros con presenza de distintas árbores frondosas e algún afloramento calcario.
3. Zona de Chan da Pena: Prados calcarios de dente e sega con afloramentos calcarios.

## Métodos de mostraxe e rexistro de observacións

O principal elemento documental das observacións serán as fotografías ou os arquivos sonoros de ser o caso (ex.: cantos de aves, etc.). A recolección dalgún exemplar de estudo (fungos, plantas, animais, etc.) só se permitirá nalgúns casos concretos de interese, sempre supervisado polos responsables expertos designados para cada grupo de estudo.

Cada grupo utilizará os métodos habituais de mostraxe e observación da súa disciplina, tendo en conta as restricións que se establecen en relación aos espazos situados en Rede Natura 2000 e que se indicarán nas normas do BIOBLITZ.

Para o rexistro das observacións está aberto un proxecto específico no portal “iNaturalist” no que poderán ingresarse os datos e fotografías dun modo sinxelo a través da súa aplicación móbil de descarga gratuíta en calquera teléfono ou a través dos ordenadores particulares ou os dispoñibles na sala de traballo de ECC que estarán accesibles durante a realización do BIOBLITZ. O ingreso de observacións explicarase, tanto na difusión como no inicio do BIOBLITZ e poderá realizarse polos propios participantes ou coa axuda dos organizadores. En todo caso os organizadores supervisarán o proceso e a posterior recompilación e revisión de todos os datos.

Ligazón ao proxecto do V Bioblitz: <https://www.inaturalist.org/projects/v-bioblitz-courel-2024>

Ligazón ao proxecto de tódolos Bioblitz: <https://www.inaturalist.org/projects/bioblitz-do-courel>

Os organizadores coa colaboración de expertos de cada disciplina, revisarán todas as observacións para xerar un documento de resultados que se publicará como artigo técnico nunha revista de temática naturalista para a súa difusión.

## Aloxamento, comidas e outra información

A comarca do Courel goza dunha ampla e magnífica oferta hostaleira no seu territorio para os que desexen degustar os seus produtos e para pernoitar durante o BIOBLITZ. Pódese atopar información completa na seguinte ligazón: <https://vivindocourel.es/>

Máis información en: <https://vivindocourel.es/> e  
[www.custodiadoterritorio.org/actividades](http://www.custodiadoterritorio.org/actividades) - ☎ 630094293



Asociación Galega de  
Custodia do Territorio



Asociación de  
Desenvolvemento Rural  
Serra do Caurel



ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL